

PLAN INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE VIVEIRO FOMENTANDO A IGUALDADE



Viveiro



Acción financiada a cargo dos créditos recibidos do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

PLAN INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA
DE XÉNERO DO CONCELLO DE VIVEIRO
FOMENTANDO A IGUALDADE

ÍNDICE

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. MARCO PROGRAMÁTICO E NORMATIVO.....	3
3. FINALIDADE DO PLAN.....	8
4. INFORMACIÓN EN CLAVE DIAGNÓSTICA.....	9
5. OBXECTIVOS.....	13
6. PROGRAMA DE MEDIDAS.....	15
7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	21
7.1 AVALIACIÓN DE IMPLANTACIÓN.....	21
7.2 AVALIACIÓN DOS RESULTADOS.....	21

1. INTRODUCCIÓN

A violencia de xénero é a expresión máis evidente da desigualdade entre homes e mulleres. Neste sentido, o Concello de Viveiro adquiriu un compromiso de traballar contra a violencia de xénero poñendo en marcha este Plan integral contra a Violencia de xénero.

Os Concellos teñen atribuída, en virtude do parágrafo o) do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a función de realizar actividades e prestar servizos que contribúan a satisfacer as demandas e necesidades dos/as seus habitantes, incluíndo a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero nos seus municipios.

Coas actuacións que se recollen neste plan preténdese chegar a toda a poboación do Concello de Viveiro e contribuír a tomar conciencia da gravidade da violencia de xénero, ademais de fomentar unha maior solidariedade, sobre todo, cara ás persoas que a sofren.

Este instrumento marco de planificación complementa o recente Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2021 – 2025 do Concello de Viveiro, e as súas medidas, de cara á sensibilización, prevención e erradicación da violencia de xénero.

En canto á estrutura expositiva, o documento que aquí se presenta está integrado polos seguintes apartados:

- Tras desta introdución no capítulo 1, o capítulo 2 condensa as referencias programáticas e normativas de maior relevancia en materia de violencia de xénero nos ámbitos europeo, estatal, autonómico e local.
- O capítulo 3 recolle a finalidade do plan.
- O capítulo 4 recolle os resultados principais da diagnose previa realizada.
- O capítulo 5 describe os obxectivos xerais e específicos.
- O capítulo 6 constitúe a parte central do documento: o programa de medidas que se van a desenvolver.
- O capítulo 7 inclúe unha serie de directrices para a realización do seguimento e avaliación do plan.

2. MARCO PROGRAMÁTICO E NORMATIVO

No plano dos instrumentos programáticos internacionais, destaca a Axenda 2030. Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Un plan de acción que dispón de 17 obxectivos, incluído un obxectivo independente para a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres (ODS 5) e metas con sensibilidade de xénero nos demais obxectivos.

Relacionado con esta axenda, no ano 2018, publicouse o informe “Facer as promesas realidade: a igualdade de xénero na Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible” , por ONU MULLERES, que inclúe un capítulo específico sobre a eliminación de todas as formas de violencia contra as mulleres e as nenas.

No marco da Unión Europea, a violencia contra as mulleres considérase unha prioridade, como se vén recollendo nos sucesivos programas ou estratexias de acción para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Así, na Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025 recóllese de maneira específica o obxectivo da Unión Europea de poñer fin á violencia de xénero: "A UE fará todo o posible para previr e loitar contra a violencia de xénero, apoiar e protexer ás vítimas dos delitos correspondentes, e esixir responsabilidades aos agresores polo seu comportamento abusivo.

No ámbito estatal, o instrumento de planificación ao que hai que aludir en materia de abordaxe da violencia de xénero é a Estratexia Nacional para a erradicación da violencia contra a muller 2013-2016, instrumento co que se pretendeu dotar de coherencia e sistematicidade ás medidas dirixidas a avanzar na eliminación da violencia contra a muller en xeral e da de xénero en particular (nos termos do artigo 1 da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero 1/2004, do 28 de decembro).

Outro avance moi importante foi a aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero no 2017, que recolle 290 medidas para implantar ata o ano 2022, e do que xa se cumpriron tres anos o pasado 28 de setembro de 2020. Despois de anos de reivindicacións da sociedade civil e unha deficiente defensa das vítimas, logrouse poñer de acordo aos partidos políticos e, por extensión, aos poderes públicos, e conseguir o seu compromiso explícito para loitar contra a violencia de xénero en todas as súas manifestacións con mecanismos e dotacións orzamentarias. Esta importante

iniciativa facilitou un avance notable no traballo cara a unha sociedade libre de violencias machistas.

No ámbito da planificación estratéxica da Xunta de Galicia cómpre facer mención especial ao Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020¹ (PEG) que inclúe entre os seus retos estratéxicos a dotación á Administración de xustiza e aos concellos dos recursos necesarios para loitar adecuadamente contra a violencia de xénero e a desigualdade entre os homes e as mulleres e por igual en todo o territorio.

Ademais, o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020, incluía, no seu terceiro capítulo, obxectivos e medidas deseñados para a prevención e tratamento da violencia de xénero, ocupando un peso aínda maior no marco do dito plan en relación cos plans autonómicos anteriores.

No plano normativo internacional, cabe destacar a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación da muller. Un dos tratados internacionais de dereitos humanos de Nacións Unidas máis operativo na conquista da igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, sendo considerada como a carta internacional dos dereitos humanos das mulleres. España ratificou esta CEDAW o 16 de decembro de 1983.

En Europa, destaca o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul) que supón o primeiro instrumento de carácter vinculante no ámbito europeo en materia de

¹ Esta nestes momentos en proceso de elaboración/aprobación o Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030.

violencia contra a muller e a violencia doméstica, e é o tratado internacional de maior alcance para facerlle fronte.

En España, a Constitución, no seu artigo 1, propugna como valor superior do ordenamento xurídico a igualdade, proclamando o artigo 14 a igualdade ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de sexo, correspondendo aos poderes públicos, conforme ao artigo 9.2, promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas. Ademais, no artigo 15, garante o dereito á vida, á integridade física e moral, sen que as persoas poidan ser sometidas a tortura, nin a tratos inhumanos ou degradantes.

As medidas estatais máis recentes contra a violencia de xénero son instrumentos xurídicos de aplicación nos supostos de violencia de xénero, entre os que destaca a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Esta Lei modificouse por primeira vez no ano 2015, incluíndo no seu artigo 1 aos menores fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia de xénero, como vítimas directas desta violencia, buscando así a visibilización dos e das menores que, no contorno da violencia de xénero, son instrumentalizados polo maltratador para exercitar a violencia sobre a muller. No ano 2018 introducíronse novas modificacións nos artigos 20, 23 e 27 relativos á asistencia xurídica, á acreditación das situacións de violencia de xénero e as axudas sociais respectivamente.

En Galicia, pola relevancia e a especificidade que supón o tratamento legislativo da violencia de xénero, permanece vixente a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a

prevención e o tratamento integral da violencia de xénero que regula a adopción de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren e que vivan, residan ou traballen en Galicia.

Esta lei, define a violencia de xénero como *“calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada”* .

No 2012, o Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012 desenvolve a dita lei no relativo aos órganos consultivos e de participación.

Tamén relacionada coa Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia, cómpre referir a modificación realizada mediante a aprobación da Lei 12/2016 de 22 de xullo, a través da cal se modifican os artigos 3 e 39, mais a disposición adicional cuarta do devandito texto legal, engadindo outras disposicións a maiores.

Modifícase o artigo 3 para engadir a definición de trata de mulleres e de nenas con fins de explotación sexual como forma de violencia de xénero, o artigo 39 relativo á prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero e a disposición adicional cuarta relativa á información ao Parlamento.

Pola súa parte, as administracións municipais teñen recoñecida como competencia propia o desenvolvemento de actuacións contra a violencia de xénero, tras a reforma introducida en 2018 na Lei de 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a raíz da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero ratificado en decembro de 2017 polos distintos grupos parlamentarios, comunidades autónomas e entes locais a través da Federación Española de Municipios e Provincias.

3. FINALIDADE DO PLAN

Nos últimos anos tivo lugar un proceso de toma de conciencia social sobre a gravidade da violencia exercida contra as mulleres, e o grande obstáculo que supón para conseguir unha sociedade xusta e igualitaria.

A violencia de xénero é un concepto moi amplo, que abrangue non só as agresións, senón todo tipo de actuacións e condutas, cotiás e normalizadas, que teñen como finalidade un trato discriminatorio contra as mulleres polo simple feito de selo. Esta violencia, nas súas diferentes formas (física, psicolóxica, sexual, económica ou social) atenta gravemente contra a súa dignidade e integridade física e moral. En consecuencia, constitúe unha flagrante e intolerable violación dos dereitos humanos.

Este fenómeno naturalizouse de tal xeito que para a nosa sociedade era unha situación invisibilizada, sen ter en conta que non se trata dunha problemática só feminina senón que afecta ao desenvolvemento da sociedade xeral, a homes e mulleres.

A súa erradicación depende da responsabilidade persoal e profesional de todos e de todas. En relación con isto, na actualidade existen mecanismos legais e administrativos

para a visibilización e tratamento da violencia de xénero, o que supón un importantísimo avance e marca unha clara diferenza con épocas anteriores caracterizadas polo silencio e a invisibilización.

Neste plan recóllense as medidas que se prevén para avanzar na erradicación da violencia exercida contra as mulleres, con especial interese en ofrecer unha resposta global e contundente a esta lacra social en calquera das súas modalidades e consecuencias, mediante accións de prevención e unha asistencia integral e coordinada a favor das mulleres vítimas e das persoas ao seu cargo, así como a través do apoio á súa independencia e integración social.

Débase levar a cabo una acción integral para procurar a recuperación total das vítimas de violencia de xénero, axudándolles a conseguir un novo proxecto de vida superando a súa situación de violencia.

4. INFORMACIÓN EN CLAVE DIAGNÓSTICA

Co obxectivo de contextualizar o plan que se vai desenvolver nos próximos anos, preséntase a continuación unha análise dos principais datos en materia de violencia de xénero do CIM do Concello de Viveiro.

O Centro de Información ás Mulleres do Concello de Viveiro, aínda que centra a súa actuación no asesoramento e intervención coas mulleres, abarca unha poboación destinataria máis ampla, xa que as actuacións de sensibilización, prevención, educación e fomento da igualdade de oportunidades diríxense aos diferentes grupos de idade e sexo da poboación.

Aínda que está localizado no concello de Viveiro, o ámbito xeográfico de influencia está aberto a posibles usuarias dos concellos limítrofes demandante do servizo, que acoden ao CIM de Viveiro pola súa proximidade. Así mesmo, este CIM tenta coordinarse e fomentar a participación desta poboación veciña na realización de actividades e eventos.

O número total de consultas realizadas polo equipo do CIM no ano 2020 ascende a un total de 859. O asesoramento xurídico destaca claramente sobre os restantes tipos de consultas efectuadas (43,1%), seguido da información sobre o recursos, que representa un 27,9% das consultas efectuadas. Un 17,4% pertence á atención psicolóxica e o 11,6% restante á atención de vítimas de violencia de xénero.

C.1 CONSULTAS REALIZADAS NO CIM POR TIPOLOXÍA. ANO 2020

CONSULTAS	N.º	%
Asesoramento xurídico	370	43,1
Atención psicolóxica	149	17,4
Atención a vítimas de violencia de xénero	100	11,6
Información de recursos	240	27,9
TOTAL	859	100,0

Fonte: Concello de Viveiro.

En canto ao número de consultas realizadas no CIM vinculadas directamente con mulleres vítimas de violencia de xénero no ano 2020 ascende a 114. Neste caso, a atención psicolóxica (70,18 %) destaca claramente sobre os restantes tipos de consultas efectuadas, sendo a de menor peso o asesoramento xurídico. Nun punto intermedio

estarían as consultas de carácter informativo sobre axudas económicas ou outro tipo de recursos.


C.2 CONSULTAS REALIZADAS A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO CIM POR TIPOLOXÍA. ANO 2020

CONSULTAS	N.º	%
Asesoramento xurídico	5	4,39
Atención psicolóxica	80	70,18
Información sobre axudas económicas	14	12,28
Outras consultas (recursos, información laboral...)	15	13,16
TOTAL	114	100,00

Fonte: Concello de Viveiro.

O seguinte gráfico recolle o número de ordes de protección e de denuncias tramitadas no partido xudicial de Viveiro nos anos 2019 e 2020.

G.1 Nº DE ORDES DE PROTECCIÓN E DE DENUNCIAS (ANO 2019 E 2020)




Fonte: portal estatístico da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero.

No ano 2020 xestionáronse un total de 26 ordes de protección fronte as 24 do ano anterior. Pola contra, descende lixeiramente o número de denuncias rexistradas pasando das 104 do 2019 ás 100 do ano 2020.

Segundo os datos facilitados pola Unidade de Atención á Familia e Muller (UFAM) da Policía Nacional de Viveiro, a finais de 2020, a metade das ordes de protección presentaban un nivel de risco baixo. Destaca tamén a alta porcentaxe das ordes con risco no nivel "non apreciado" (46,4%). Pola contra, un 3,6% das ordes estaban catalogadas como ordes de nivel medio.

G.2 NIVEL DE RISCO DAS ORDES DE PROTECCIÓN (2020)



Fonte: UFAM. Policía Nacional de Viveiro

5. OBXECTIVOS

As actuacións enmarcadas neste plan foron deseñadas para a consecución dos seguintes obxectivos xerais, como prioridades de actuación

1. Promover entre a poboación actitudes e comportamentos non violentos cara ás mulleres.
2. Ofrecer e garantir a atención, os recursos e a asistencia a mulleres vítimas de violencia de xénero.
3. Mellorar a coordinación dos distintos organismos implicados na prevención e na asistencia de mulleres vítimas de violencia.
4. Avanzar no desenvolvemento dunha práctica institucional e unha política de persoal no seo do Concello comprometida coa erradicación da violencia de xénero.

Nun segundo nivel, tal e como se recolle a continuación, definíronse os obxectivos específicos, que constitúen as metas que permitirán a consecución de cada un dos obxectivos xerais, a partir de medidas concretas.

C.3 OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PLAN.

OBXECTIVO XERAL 1: Promover entre a poboación comportamentos non violentos cara ás mulleres.	
OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1	Poñer en coñecemento da cidadanía os recursos e servizos para a atención das mulleres que se atopan nunha situación de violencia machista, garantindo o dereito ao acceso a información, fundamental para poder iniciar calquera cambio.
OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2	Realizar accións de conmemoración do “Día Internacional contra a Violencia de Xénero” (25 de novembro), que resalten os valores de igualdade e de respecto mutuo como premisa básica para evitar a violencia.
OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.3	Realizar actividades de concienciación coa rapazada do Concello de Viveiro e traballar desde un enfoque preventivo, tendo en conta principalmente a adolescencia como etapa crítica por ser este o momento en que se establecen as primeiras relacións afectivas e sexuais.
OBXECTIVO XERAL 2: Ofrecer e garantir a atención, os recursos e a asistencia a mulleres vítimas de violencia de xénero.	
OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1	Continuar coa atención integral e coordinada dende as distintas perspectivas profesionais (asistencia xurídica, psicolóxica, social e sanitaria).
OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.2	Impulsar medidas que dean respostas ás necesidades das mulleres vítimas de violencia de xénero.
OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.3	Mellorar o coñecemento e acceso aos recursos municipais de apoio das mulleres que sofren violencia.

OBXECTIVO XERAL 3: Mellorar a coordinación dos distintos organismos implicados na prevención e asistencia de mulleres vítimas de violencia.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1	Manter os métodos de coordinación con outros organismos, institucións e grupos implicados na atención da violencia de xénero, como son Forzas e Corpos de Seguridade, Xudicatura, Centro de Saúde, Centros educativos, Oficina de Emprego, distintos departamentos municipais, e partidos políticos con representación no Concello, sobre todo a través da Mesa Local Interinstitucional de Coordinación contra a Violencia de Xénero.
OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.2	Establecer e realizar o seguimento dos Protocolos de actuación con distintos axentes para detectar posibles casos de violencia de xénero e posterior actuación nos casos demostrados de situacións de violencia, prestando unha atención integral tanto ás mulleres vítimas como ás/aos seus fillas/os e persoas delas dependentes.
OBXECTIVO XERAL 4: Avanzar no desenvolvemento dunha práctica institucional e unha política de persoal no seo do Concello comprometida coa erradicación da violencia de xénero.	
OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.1	Promover a sensibilización e a formación do persoal municipal para mellorar a actuación e a adecuación da resposta fronte á violencia de xénero.
OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.2	Garantir un ambiente de traballo libre de violencias machistas e proporcionar os apoios necesarios ás vítimas de acoso sexual, acoso por razón de sexo e violencia de xénero.

6. PROGRAMA DE MEDIDAS

OBXECTIVO XERAL 1: Promover entre a poboación comportamentos non violentos cara ás mulleres.

PLAN INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE VIVEIRO FOMENTANDO A IGUALDADE

<p>OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1</p>	<p>Poñer en coñecemento da cidadanía os recursos e servizos para a atención das mulleres que se atopan nunha situación de violencia machista, garantindo o dereito de acceso a información, fundamental para poder iniciar calquera cambio.</p>
<p>Medida 1.1.1</p>	<p>Publicación na páxina web do Concello de Viveiro da información relativa ao Centro de Información ás Mulleres (localización, horarios, servizos que presta etc)</p>
<p>Medida 1.1.2</p>	<p>Publicación na páxina web do Concello de Viveiro do IV Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2021-2025, que incorpora unha área de Actuación integral contra a violencia de xénero” .</p>
<p>Medida 1.1.3</p>	<p>Inclusión na páxina web municipal do I Plan de Igualdade para as empregadas e empregados públicos do Concello de Viveiro.</p>
<p>Medida 1.1.4</p>	<p>Publicación na páxina web do Concello de Viveiro do Plan Integral contra a violencia de xénero do Concello de Viveiro.</p>
<p>Medida 1.1.4</p>	<p>Elaboración e difusión de dípticos e similares con información diversa sobre igualdade e violencia de xénero.</p>
<p>OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2</p>	<p>Realizar accións de conmemoración do “Día Internacional contra a Violencia de Xénero” (25 de novembro), que resalten os valores de igualdade e de respecto mutuo como premisa básica para evitar a violencia.</p>
<p>Medida 1.2.1</p>	<p>Acto institucional, con lectura de manifesto, para mostrar a repulsa desde o Concello como ente institucional ante esta lacra social.</p>
<p>Medida 1.2.2</p>	<p>Celebración da sesión da Mesa Local de Coordinación contra a Violencia de Xénero, para realizar o seguimento dos casos activos de mulleres vítimas de violencia de xénero.</p>
<p>Medida 1.2.3</p>	<p>Coordinación das diversas actividades que se realicen polos axentes sociais implicados na loita contra a violencia de xénero para conmemorar o 25 de novembro.</p>

PLAN INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE VIVEIRO FOMENTANDO A IGUALDADE

<p>OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.3</p>	<p>Realizar actividades de concienciación coa rapazada do Concello de Viveiro e traballar desde un enfoque preventivo, tendo en conta principalmente a adolescencia como etapa crítica por ser este o momento en que se establecen as primeiras relacións afectivas e sexuais.</p>
<p>Medida 1.3.1</p>	<p>Realización de actividades adaptadas á etapa de Educación infantil (análise de contos, actividades visuais e de psicomotricidade...).</p>
<p>Medida 1.3.2</p>	<p>Desenvolvemento de actividades adaptadas a cada etapa evolutiva do alumnado nos centros educativos de educación primaria, secundaria e/ou bacharelato (charlas, obradoiros, xogos de rol, actividades nas redes sociais etc).</p>

OBXECTIVO XERAL 2. Ofrecer e garantir a atención, os recursos e a asistencia a mulleres vítimas de violencia de xénero.

<p>OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1</p>	<p>Continuar coa atención integral e coordinada dende as distintas perspectivas profesionais (asistencia xurídica, psicolóxica, social e sanitaria).</p>
<p>Medida 2.1.1</p>	<p>Información e asesoramento xurídico e psicolóxico a través das profesionais do CIM Viveiro.</p>
<p>Medida 2.1.2</p>	<p>Tramitación de alugamento de urxencia en hotel e/ou ingreso en aloxamento de acollida.</p>
<p>Medida 2.1.3</p>	<p>Tramitación de axudas económicas tanto da Xunta de Galicia (Secretaria Xeral da Igualdade), como do Servizo Público de Emprego ou do propio Concello.</p>
<p>Medida 2.1.4</p>	<p>Tramitación da solicitude de Teleasistencia ATENPRO xestionado por Cruz Roja.</p>
<p>Medida 2.1.5</p>	<p>Contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero a través da convocatoria de subvencións da Secretaria Xeral da Igualdade para entidades locais.</p>

PLAN INTEGRAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO DO CONCELLO DE VIVEIRO FOMENTANDO A IGUALDADE

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1	Continuar coa atención integral e coordinada dende as distintas perspectivas profesionais (asistencia xurídica, psicolóxica, social e sanitaria).
Medida 2.1.6	Información sobre os recursos dispoñibles para mulleres vítimas de violencia de xénero: laboral, aluguer de vivenda, estadias tempo libre ou campamentos para fillos/as etc.
OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.2	Impulsar medidas que dean respostas ás necesidades das mulleres vítimas de violencia de xénero.
Medida 2.2.1	Desenvolvemento de accións para a reparación emocional das mulleres vítimas de violencia e das persoas ao seu cargo.
Medida 2.2.2	Continuidade das accións de apoio, asesoramento e derivación a recursos especializados para mulleres vítimas de violencia e persoas ao seu cargo.
Medida 2.2.3	Desenvolvemento de programas de intervención comunitaria de prevención e promoción da inclusión social.
OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.3	Mellorar o coñecemento e acceso aos recursos municipais de apoio das mulleres que sofren violencia, así como a súa formación
Medida 2.3.1	Difusión de información sobre programas e recursos municipais e doutras administracións e entidades para mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas ao seu cargo (axudas, accións formativas etc.).
Medida 2.3.2	Realización de accións formativas dirixidas ás mulleres que sofren violencia para mellorar as súas posibilidades de inserción laboral.

OBXECTIVO XERAL 3. Mellorar a coordinación dos distintos organismos implicados na prevención e asistencia de mulleres vítimas de violencia.

<p>OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1</p>	<p>Manter os métodos de coordinación con outros organismos, institucións e grupos implicados na atención da violencia de xénero, como son Forzas e Corpos de Seguridade, Xudicatura, Centro de Saúde, Centros educativos, Oficina de Emprego, distintos departamentos municipais, e partidos políticos con representación no Concello, sobre todo a través da Mesa Local Interinstitucional de Coordinación contra a Violencia de Xénero.</p>
<p>Medida 3.1.1</p>	<p>Impulso da actividade da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero a través da creación de comisións de traballo cos distintos axentes sociais implicados na loita contra a violencia de xénero.</p>
<p>Medida 3.1.2</p>	<p>Captación e coordinación con outras entidades do territorio para a súa participación na mesa nalgunha ocasión, para achegarse á realidade na que operan e facilitar o desenvolvemento de dinámicas colaborativas.</p>
<p>OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.2</p>	<p>Establecer e realizar o seguimento dos Protocolos de actuación con distintos axentes para detectar posibles casos de violencia de xénero e posterior actuación nos casos demostrados de situacións de violencia, prestando unha atención integral tanto ás mulleres vítimas como ás/aos seus fillas/os e persoas delas dependentes.</p>
<p>Medida 3.2.1</p>	<p>Protocolo de actuación cos centros educativos con base á Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo da Xunta de Galicia.</p>
<p>Medida 3.2.2</p>	<p>Seguimento da coordinación entre Policía Local, desde a súa incorporación sistema de protección de vítimas VIOGEN, e a Policía Nacional, en virtude do Protocolo de actuación asinado a tales efectos.</p>

OBXECTIVO XERAL 4. Avanzar no desenvolvemento dunha práctica institucional e unha política de persoal no seo do Concello comprometida coa erradicación da violencia de xénero.

<p>OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.1</p>	<p>Promover a sensibilización e a formación do persoal municipal para mellorar a actuación e a adecuación da resposta fronte á violencia de xénero.</p>
<p>Medida 4.1.1</p>	<p>Inclusión dun módulo sobre o acoso sexual e o acoso por razón de sexo nas actividades formativas que en materia de igualdade de xénero se dirixan ao persoal.</p>
<p>Medida 4.1.2</p>	<p>Desenvolvemento de accións de sensibilización sobre violencia de xénero e informar ao conxunto do persoal sobre os dereitos laborais recoñecidos ás vítimas.</p>
<p>OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.2</p>	<p>Garantir un ambiente de traballo libre de violencias machistas e proporcionar os apoios necesarios ás vítimas de acoso sexual, acoso por razón de sexo e violencia de xénero.</p>
<p>Medida 4.2.1</p>	<p>Realización de actividades de difusión do Protocolo do Concello para a prevención e intervención fronte o acoso sexual e o acoso por razón de sexo dirixidas ao conxunto do persoal.</p>
<p>Medida 4.2.2</p>	<p>Incorporación do acoso sexual e do acoso por razón de sexo como tipos de violencia nos plans de prevención de riscos e avaliacións de saúde laboral.</p>
<p>Medida 4.2.3</p>	<p>Posta en marcha de medidas dirixidas ás traballadoras do Concello vítimas de violencia de xénero para os efectos de garantir a protección da súa integridade física e moral (garantía de confidencialidade, adaptación de horarios, modificación do lugar do traballo, favorecemento de acordos de mobilidade interadministrativa etc.).</p>
<p>Medida 4.2.4</p>	<p>Garantía de execución preferente e urxente das medidas de protección fronte á violencia de xénero a través de procedementos áxiles que garantan a eficacia das ditas medidas.</p>

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

7.1 AVALIACIÓN DE IMPLANTACIÓN

Esta fase correspóndese coa execución e implantación do Plan integral contra a violencia de xénero, así como da avaliación e seguimento das actuacións desenvolvidas na mesma.

Permite detectar posibles desaxustes para adaptar a planificación aos obxectivos previstos.

O seguimento da Plan levarase a cabo con carácter anual; así deberá contarse coa información que permita alcanzar os obxectivos básicos:

- ⇒ Todas as actividades postas en marcha tratarán de adecuarse aos obxectivos do Plan.
- ⇒ Coñecer o grao de cumprimento do Plan, sabendo que actividades se iniciaron e cales non.

O método a utilizar no proceso de seguimento consistirá na utilización dunha ficha de recollida de información, deseñada para recoller datos relativos a cada unha das actividades. As fichas informarán sobre cada unha das actividades realizadas, sinalando o obxectivo concreto do Plan, aos que fai referencia, tamén deberá sinalarse a data de realización e o alcance e resultados desta.

7.2 AVALIACIÓN DOS RESULTADOS

Procederase á realización dun proceso avaliativo cualitativo e cuantitativo, que dará como resultado a realización dun informe final no que se recollan os resultados do Plan, así como as propostas futuras de mellora a ter en conta nas seguintes actuacións.

AVALIACIÓN CUANTITATIVA

Contabilización das actuacións iniciadas e non iniciadas ou sen finalizar, considerando o seu alcance, sobre todo xeográfico e de poboación beneficiaria.

AVALIACIÓN CUALITATIVA

Coñecemento da valoración da execución do Plan por parte das persoas responsables dos diferentes organismos, entidades e colectivos implicados, así como por parte das persoas beneficiarias (sobre todo mulleres).

INFORME FINAL

Rexistrará os resultados, indicando o que se fixo e como se fixo; incluírá propostas de mellora para considerar no deseño de plans posteriores; e incluírá os seguintes puntos básicos:

- Xustificación e obxecto da avaliación.
- Metodoloxía utilizada na avaliación.
- Nivel de desenvolvemento do Plan e descrición das actividades realizadas.
- Resultados obtidos.
- Aspectos positivos e aspectos de mellora
- Recomendacións.



Acción financiada a cargo dos créditos recibidos do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.